

Olimpia López Rodríguez

ARQUIVOS PÚBLICOS: PROCESOS DE TRABALLO E VISIBILIDADE DAS
MULLERES. A CARA OCULTA DA LÚA

XORNADA

Xénero e Documentación IV. Arquivos
públicos e perspectiva de xénero: Estado
da cuestión desde Galicia

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
8 de xuño de 2017



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Arquivos públicos: procesos de traballo e visibilidade das mulleres. A cara oculta da Lúa.

Olimpia López Rodríguez
Arquiveira

1.- Panorámica

Non vai ser obxecto deste traballo afondar nas causas polas que as mulleres tivemos e temos menos visibilidade histórica e socialmente, nin nos factores que incidiron nesta opacidade, -factores que afectaron tamén á percepción das nosas realidades nos arquivos públicos-; o que ides atopar é algo máis sinxelo: unha análise dos procesos de traballo nun arquivo público dende a perspectiva de xénero, pero tamén algo máis; a expresión dun compromiso por facer visibles os documentos que reflicten a vida das mulleres. Por iso quero agradecer a Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega estar hoxe aquí e poder iniciar esta viaxe e reflexión.

A miña primeira etapa neste percorrido foi buscar información sobre traballos, publicacións, xornadas, experiencias sobre o tratamento dos arquivos e a perspectiva de xénero.

Encontrei experiencias moi salientables, en primeiro lugar e por ser pioneiras neste ámbito destacan as que inician as Xornadas de Xénero e Documentación, organizadas pola Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega en 2007, tituladas: *Unha ferramenta de achega ao tratamento documental*. Comezamos a andar.

Especialmente interesantes son os artigos: *Mapa de fontes de información para estudos de xénero* de Carmen Pérez Pais e a presentación de *Álbum de mulleres* de Mariam Mariño Costales¹.

Nestas xornadas falouse da necesidade de recoller os documentos que testemuñan o movemento feminista, da posibilidade de crear un arquivo do feminismo en Galicia, ou de evitar a perda de documentos das organizacións de mulleres.

A necesidade de seguir avanzando leva a que en 2012 a Comisión de Igualdade organizase as II Xornadas de Xénero e Documentación, agora dedicadas á *recuperación da memoria do Movemento Feminista*, onde se presentou o informe: *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia* realizado tamén por as nosas compañeiras Carmen Pérez Pais e Mariam Mariño Costales².

¹ MARIÑO COSTALES, Mariam; PÉREZ PAIS, Carmen (coords). *Xénero e documentación* [Recurso electrónico]: *unha ferramenta de achega ao tratamento*. Santiago de Compostela: Comisión de Igualdade, Consello da Cultura Galega, D.L. 2009. 1 CD-ROM: son., col.

² PÉREZ PAIS, Carmen; MARIÑO COSTALES, Mariam. *Recuperación da Documentación e Memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2013.

Participou nesta actividade a arquiteira María José Turrión García co relatorio *Memoria e visibilización da muller a través dos fondos documentais de xénero. Experiencias no Centro Documental de la Memoria Histórica*. Esta é a primeira achega que atopei dunha arquiteira sobre a recollida de fondos documentais para formar parte dun arquivo público³.

No ano 2014 celebráronse as III Xornadas de Xénero e Documentación⁴ nas que se presenta a primeira entrega de *A Saia Hemeroteca Feminista*. Conforma un proxecto que ten por axentes impulsores á Comisión de Igualdade do CCG e ao Centre Dona i Literatura da Universitat de Barcelona e xa é unha ferramenta fundamental para coñecer e investigar a o feminismo e/ou a historia recente de Galicia, está disposición na ligazón: C:\Users\usuario\Documents\Mulleres\archivistica\Hemeroteca Feminista Galega A Saia F O N D O S D O C U M E N T A I S Consello da Cultura

Non podemos esquecer o Álbum de mulleres, especialmente o dedicado a Olga Gallego, e a Xornada Olga Gallego Domínguez: Mulleres e Historia, celebrada en 2011, fundamentais para coñecer a pegada de Olga Gallego como arquiteira e mestra de moitas de nós.

Seguindo estas liñas de traballo atopamos máis achegas nas *“Jornadas Archivando: valor, sociedade y arquivos”*, celebradas en León, en novembro de 2015. María Adelina Codina-Canet e Rosa San Segundo presentaron unha comunicación sobre a constitución dun arquivo do movemento feminista⁵. Estas autoras seguiron traballando nesta liña e en 2016 publicaron o artigo: *Propuesta de un centro de arquivo del feminismo tras el análisis de los fondos documentales del movimiento feminista*, na Revista Española de Documentación Científica⁶. A asociación ACAL (Asociación de Archiveros de Castilla y León) tamén presenta un post que fai referencia ás mesmas autoras sobre a mesma cuestión⁷.

Debemos citar tamén o proxecto colaborativo entre asociacións feministas chamado Archivo de Feminismos de León que se define como: *“un arquivo genealóxico de los movimientos feministas de la ciudad. Las asociaciones participantes han aportado documentación de prensa, folletos, memorias de actividades, etc. que permitirán dibujar el movimiento feminista en la ciudad de León desde los años setenta hasta la actualidad. La intención es que sea un archivo on-line y abierto, que pueda ser*

Dispoñible en: <http://studylib.es/doc/5415328/recuperaci%C3%B3n-da-documentaci%C3%B3n-e-memoria-do-movemento>

³ Dispoñible vídeo: <http://consellodacultura.gal/mediateca/evento.php?id=359>

⁴ <http://consellodacultura.gal/mediateca/evento.php?id=200253>

⁵ María Adelina Codina-Canet / Rosa San Segundo. Instituto Universitario de Estudios de Género. Universidad Carlos III. Centro de Archivo para la Memoria del Feminismo: Un Proyecto Pendiente.

⁶ Vol 39, No 1 (2016) <http://redc.revistas.csic.es/index.php/redc/article/view/920/1328>

⁷ <http://www.acal.es/index.php/archivpost-actualidad/item/2044-propuesta-de-un-centro-de-archivo-del-feminismo-a-raiz-del-analisis-de-los-fondos-documentales-del-movimiento-feminista-de-setembro-de-2016>

actualizado y enriquecido en el tiempo con entrevistas, artículos y otras ampliaciones”⁸.

Nesta mesma liña está o artigo: *Construyendo la memoria de los feminismos: archivos, bibliotecas y centros de documentación. Una mirada al pasado, una reflexión para el futuro* de Núria Jornet Benito e Núria Tuset Páez⁹.

Fóra do noso entorno máis próximo non podo esquecer os traballos das arquiteiras chilenas que puxeron en marcha en 2011 o *Archivo Mujeres y Géneros*. Na súa web explícanos que: *es una iniciativa destinada a visibilizar, proteger, poner en valor y otorgar carácter patrimonial a las producciones culturales que dan cuenta de la cotidianidad de las mujeres, de las construcciones de género y de los quehaceres femeninos en Chile*, iniciativa que temos o pracer de coñecer nestas xornadas a través de Francisca Marticorena Galleguillos.

Moi interesante é o I Seminário Internacional Arquivos, Mulheres e Memórias¹⁰, organizado polo Instituto de Estudos Brasileiros (IEB), que tivo lugar a finais de marzo deste ano no que se presentaron reflexións epistemolóxicas e metodolóxicas, de carácter interdisciplinar, acerca dos desafíos e potencialidades dos arquivos de mulleres.

E rematamos a primeira etapa, nestes 10 anos analizados vemos que aínda que existen iniciativas importantes sobre os documentos e as fontes documentais ligadas ás mulleres, os proxectos non son numerosos e a bibliografía escasa, e ademais as experiencias detalladas buscan os documentos das mulleres fóra dos canles máis tradicionais de localización de fontes documentais e, practicamente, non aparecen referencias aos arquivos públicos, nin aos profesionais dos arquivos. Isto pon de manifesto a necesidade dunha reflexión e dun debate sobre a aplicación da perspectiva de xénero na teoría arquivística e no desenvolvemento dos traballos dos e das arquiteiras. Como di Remei Perpinyà Morera, profesora da Universidade Autónoma de Barcelona nunha entrada do blogue da Escola Superior de Arquivística e Xestión de Documentos: *Es hora, pues, de que las mujeres no sólo estén presentes entre los custodios y gestores de fondos documentales, sino también en estos últimos*¹¹.

Pero comecemos polo principio

⁸ http://www.archivofeminismosleon.org/archivo_feminista/

⁹ JORNET BENITO, Núria e TUSET PÁEZ, Núria. En: BIB. Textos universitarios de biblioteconomía i documentació. Número 36, juny 2016. Ligazón: <http://bid.ub.edu/es/36/jornet.htm>

¹⁰ <https://centrodepesquisaeformacao.sescsp.org.br/atividade/i-seminario-internacional-arquivos-mulheres-e-memorias>

¹¹ Entrada do blogue titulada *La mujer, la gran ausente en los archivos*

<https://esaged.wordpress.com/2016/04/19/la-mujer-la-gran-ausente-en-los-archivos/>

Non imos definir agora o que é un arquivo, moito se ten traballado sobre este concepto, e ata a nosa mestra Antonia Heredia lle dedicou unha monografía: *¿Qué es un archivo?*¹².

Podería servinos como definición a da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia que di no seu art. 12: *Son arquivos públicos os que recollen, custodian, comunican e difunden os documentos producidos e recibidos polos órganos e entidades públicas relacionados no artigo 5¹³ no exercicio das súas competencias.*

En resume os arquivos públicos son os que recollen, conservan e serven documentos das administracións públicas, porén ademais é necesario incidir na dimensión social dos arquivos públicos, e non o pode explicar mellor Luis Martínez cando di: *“Difícilmente podríamos encontrar unas instituciones que afecten de manera directa a un número tan considerable de derechos constitucionales. La gestión de los archivos atañe a la eficacia de las administraciones públicas, al derecho de los ciudadanos a acceder a la información que les interesa, al derecho de todos los españoles a la cultura y a la identidad de nacionalidades y regiones”*¹⁴.

¹² HEREDIA HERRERA, Antonia: *¿Qué es un archivo?*, Gijón, 2007

¹³ Artigo 5. *Documentos de titularidade pública*

1. Para os efectos da presente lei, son documentos de titularidade pública os das persoas físicas ou xurídicas, tanto públicas coma privadas, enumeradas no punto seguinte, producidos e recibidos no exercicio das competencias que lles son propias, sen prexuízo da normativa estatal ou internacional que os afecte.
2. Para os efectos da presente lei, son documentos de titularidade pública:
 - a) Os do Parlamento de Galicia, os do Consello de Contas, os do Valedor do Pobo e os do Consello da Cultura Galega.
 - b) Os do Consello da Xunta e os da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - c) Os das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.
 - d) Os das corporacións de dereito público de Galicia, no relativo ás súas funcións públicas atribuídas.
 - e) Os das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia e os dos entes, organismos ou empresas delas dependentes.
 - f) Os das universidades públicas radicadas en Galicia e os dos centros e estruturas delas dependentes.
 - g) Os da Administración do Estado e os dos organismos públicos, sociedades mercantís e fundacións dela dependentes radicados en Galicia.
 - h) Os dos órganos da Administración de xustiza radicados en Galicia.
 - i) Os das notarías e rexistros públicos radicados en Galicia.
 - j) Os dos organismos dependentes das institucións da Unión Europea, así como os de calquera outro organismo público internacional, radicados en Galicia.
 - k) Os das entidades dotadas de personalidade xurídica propia creadas, participadas maioritariamente ou controladas efectivamente por calquera das entidades e persoas xurídicas mencionadas neste artigo no exercicio de potestades administrativas ou funcións públicas.
 - l) Os das persoas físicas ou xurídicas xestoras de servizos públicos de ámbito galego, en canto aos documentos xerados na prestación dos ditos servizos.
 - m) Os de calquera outra entidade pública non incluída nos supostos anteriores no exercicio de potestades administrativas ou funcións públicas

¹⁴ Luis MARTÍNEZ GARCÍA: “El Sistema español de Archivos en la Constitución. Confrontación entre teoría y realidad”, Actas VII Congreso ANABAD, Toledo, Boletín de ANABAD, XLIX, 3-4, 1999, pp.166-192

Coñecemos pois que é un arquivo publico e a súa transcendencia social, tamén sabemos que son institucións que reflicten as actividades dunhas administracións que nos afectan, non obstante, nese espello que son os arquivos públicos aparece o reflexo das mulleres? Si, naturalmente, aí estamos: proxectan a nosa presenza que será maior ou menor segundo o momento que escollamos. Agora, é visible ese reflexo? A resposta tamén é clara: non.

Podemos empregar como exemplo o Arquivo do Congreso dos Deputados. O 3 de marzo deste ano, uns días antes da celebración do Día Internacional da Muller, dúas deputadas: Lola Galovart e Ángeles Álvarez escribiron un artigo en El Huffingtonpost titulado: *El 8 de marzo puede ser un gran día no lo dejes escapar*¹⁵. Nel fan referencia a sombra que escurece ás deputadas. E din: *no encontramos rastro del acceso de quince mujeres a la Asamblea Nacional de 1927 durante el Directorio del General Primo de Rivera (entre ellas María de Maeztu, Micaela Díaz Rabaneda o Concepción Loring Heredia -que fue la primera mujer que habló en el hemiciclo -). No hay busto, cuadro, ni placa alguna que recuerde y rinda homenaje al hito histórico de la primera ocupación por parte de las mujeres de quince escaños en el Parlamento.* E continúan lamentándose do pouco recoñecemento a Clara Campoamor e din: *ha de señalarse que son escasas y poco visibles las muestras permanentes de reconocimiento en el Parlamento: un busto en lugar no relevante, su escritorio y enseres y una aséptica y apartada sala que lleva su nombre, pasando prácticamente desapercibida una placa conmemorativa del sufragio femenino en homenaje a quienes lo hicieron posible y de manera particular a la diputada Campoamor.* E seguen o relato dicindo: *Salvo en el Archivo, web y Biblioteca del Congreso, parece que no hubiesen existido las parlamentarias.* Efectivamente elas saben que a información sobre as parlamentarias está no Arquivo do Congreso, pero se accedemos ao sitio web do propio Arquivo podemos facer buscas sobre os e as deputadas se coñecemos o seu nome, ou podemos consultar un listado alfabético cos nomes das súas señorías; pero podemos consultar cantas, ou en que lexislatura houbo deputadas? a resposta tamén e clara, non.

(Finalmente o 8 de marzo trasladouse o busto de Campoamor a un lugar máis solemne no edificio histórico do Congreso)

Sigamos avanzando. Xa sabemos que é un arquivo público, pero imos intuindo que estas institucións de custodia “non son neutrais: son a creación dos seres humanos, que teñen a política na súa natureza”. Así o explica Jarrett Drake, arquivista na Biblioteca de Manuscritos Mudd da Universidad de Princeton¹⁶, quen asume con

¹⁵ Ligazón: http://www.huffingtonpost.es/lola-galovart/el-8-de-marzo-puede-ser-un-gran-dia-no-lo-dejes-escapar_a_21872847/

¹⁶ Galardonado cun Premio á Innovación da National Digital Stewardship Alliance (NDSA) en 2016 polo seu traballo en discutir e reexaminar as prácticas de arquivar e documentar a historia, particularmente en relación coa a preservación das voces sub-representadas. entrevista publicada en febreiro de 2017 na

claridade esa falta de imparcialidade dos arquivos. Estamos a falar da arquivística postmoderna¹⁷, arquivística que entende que as realidades que explicitan os arquivos non son obxectivas, son as das institucións que exerceron o poder, e polo tanto institucións onde a presenza das mulleres é moi escasa. Pero tampouco os profesionais dos arquivos somos ecuánimes, non fomos nin somos meros custodios, de feito temos participado na construción da memoria das institucións do poder, aínda sen ser moitas veces conscientes diso. Porén non debe ser un ideal ou unha meta a neutralidade senón todo o contrario, correspóndenos aceptar como un trazo inherente da nosa profesión a actuación como axentes que participan na configuración dunha *memoria*, como explica a Terry Cook, *social conscientemente construída*¹⁸, e nesa memoria é imprescindible, inevitable, ineludible e obrigatoria a presenza das mulleres.

Igualmente temos claro a subrepresentación das mulleres nos arquivos públicos. Esta débese en parte á falta de participación na vida oficial, a nosa presenza estivo tradicionalmente vinculada ao mundo do privado ou íntimo, fóra da cousa pública ou do mundo oficial, pero tamén á falta dun compromiso profesional. Os documentos sobre as mulleres están nos arquivos públicos, menos numerosos pero están, agora ben, podemos localizalos? Non; entón teremos que admitir responsabilidades: non houbo reflexións sobre estas situacións, nin interese da profesión en expoñer, en dar luz aos documentos das mulleres, polo menos dunha maneira sistemática e planificada fóra de actuacións puntuais ligadas a efemérides ou outros eventos. O exercicio da nosa profesión non foi nin é allea ao ensombrecemento das mulleres, pero como colectivo profesional temos a capacidade de influír e de actuar para cambiar actitudes e posicionamentos e conseguir esa visibilidade aínda que formemos parte dunha organización que diseña e exerce políticas públicas e que esas políticas se deciden nuns espazos que quedan fóra do noso ámbito de actuación.

Sexa como for, o comezo é recoñecer que estamos a perder, a agochar unha perspectiva, unha visión do mundo, da metade do mundo. Pero isto é só unha percepción? Fáltannos reflexionar sobre os procesos e ferramentas de traballo nun arquivo. Precisamos analizar eses procesos e ferramentas, análise que debe chegar a todas as funcións dun arquivo, á recollida, á custodia e ao servizo dos documentos,

web da National Digital Stewardship Alliance, organizada pola Digital Library Federation, que é un consorcio de 165 organizacións asociadas, incluíndo universidades, asociacións profesionais, empresas, axencias gubernamentais e organizacións sen fins de lucro, todas comprometidas coa preservación a longo prazo da información dixital (EEUU) http://ndsa.org/2017/02/15/archives-have-never-been-neutral-an-ndsa-interview-with-jarrett-drake.html?utm_content=bufferd6b4b&utm_medium=social&utm_source=twitter.com&utm_campaign=buffer

¹⁷ Luis HERNÁNDEZ OLIVERA. “Sobre la constitución de la memoria social. Hacia una valoración de documentos postmoderna”. Actas de Jornadas Archivando: la valoración documental. León 7 e 8 de novembro 2013. https://archivosierrapambley.files.wordpress.com/2014/02/luis_hernandez.pdf

¹⁸ Terry COOK. “Archivística y posmodernismos: nuevas fórmulas para viejos conceptos”. P. 59-60. En Hernández Olivera (ed.) Combates por la memoria. Archivística de la posmodernidad. Tabula 10. Salamanca: ACAL.

para sermos realmente conscientes que nos traballos realizados nos arquivos esquecémonos das mulleres.

Comecemos por revisar métodos e sistemas arquivísticos para comprobar se realmente esa percepción de ocultación da información das mulleres nos arquivos públicos é real.

O principio: A recollida

A primeira función dun arquivo público é a recollida de documentos da organización á que presta servizo.

O sistema ordinario polo que chegan os documentos a un arquivo público son as transferencias documentais. A xa mencionada Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia as define no seu artigo 21 como: *o procedemento administrativo en virtude do cal se realiza a entrega, ordenada e relacionada por escrito, dos documentos desde as oficinas ou desde un arquivo a outro, así como o traspaso das responsabilidades relativas á súa custodia, conservación e acceso.*

As transferencias deberían realizarse cunha periodicidade establecida, cumprindo uns prazos fixados previamente e de forma ordenada para o que se deseñarán uns calendarios de recepción.

Segundo Cruz Mundet deberíamos ter presente na preparación da entrega e recollida cuestións como: a finalización da tramitación, a frecuencia de uso dos documentos polas oficinas produtoras e a proximidade do arquivo ás oficinas, entre outras.

As transferencias son pois o proceso “natural” de achegamento de documentos aos centros de arquivo. Parecería que, se o sistema de arquivos funcionase correctamente, produciríanse de xeito ordenado e case automaticamente con pouco marxe de intervención.

Porén o arquivo non é un mero axente pasivo neste proceso, non se limita a recepcionar os documentos, este proceso está ligado aos traballos de identificación e avaliación de series, traballos nos que a intervención do persoal técnico é imprescindible.

Cando valoramos e identificamos series documentais, cando fixamos prazos de conservación e transferencia, intervimos, influímos e, estimamos tamén a presenza das mulleres nos documentos? Verémolo cando falemos da custodia.

Tamén chegan documentos aos arquivos por outras vías, adoitan ser documentos de titularidade privada pero que forman parte do patrimonio documental e como tales de interese.

Chegan aos arquivos a través de compras, doazóns, legados ou comodatos. Nestes casos é preciso xustificar a súa adquisición e informar sobre a significación e transcendencia dos documentos. Nestes informes a presenza das mulleres no fondo documental non se ten empregado como criterio para valorar a adquisición, non obstante sería necesaria unha acción positiva que favoreza a recollida de fondos sobre mulleres e adoptalo como pauta de valoración que equilibre e compense a desproporción de información dispoñible respecto á dos varóns.

A base: A custodia

A segunda responsabilidade dun arquivo público é a custodia dos documentos. Esta custodia supón non só a conservación en bo estado dos documentos senón tamén implica a organización e descrición destes para poder servilos, así podemos falar dunha custodia física e doutra custodia: a intelectual.

A custodia física

A custodia física ocupárase da preservación e da restauración dos documentos, se fose precisa. Durante moitos anos os e as profesionais dos arquivos ocupámonos de adoptar medidas que preservasen os documentos en papel, pergameo, ou película, buscamos edificios adecuados, buscamos mobiliario funcional, etc. A estas tarefas agora debemos incorporar outras xa que debemos atender outros documentos noutros soportes que nos obrigan a coñecer outras medidas de preservación e seguridade, estamos a falar dos documentos electrónicos.

Estas tarefas parece tamén que as exercemos forma obxectiva sen discriminar documentos, pero na planificación dos traballos de preservación e restauración o persoal responsable establece prioridades, atendendo a:

- risco de perda da documentación e a necesaria intervención inmediata,
- risco de deterioro por un elevado número de consultas
- valoración do interese informativo ou histórico, etc

Poderíamos aplicar como criterio que os documentos de ou sobre mulleres teñan prioridade para o seu tratamento con medidas de preservación ou restauración a hora de garantir a súa custodia física? Si, estaríamos a falar doutra medida de acción positiva que permitiría corrixir discriminacións resultado da conservación maioritaria de documentos con información de ou sobre homes.

Custodia intelectual

A custodia intelectual ocupase dos traballos de valoración, organización e descrición de fondos, son eses traballos de carácter técnico que nos proporcionan información sobre os documentos para poder localizalos e servilos.

Aplicar a perspectiva de xénero á valoración e a descrición será fundamental para sacar á luz os documentos das mulleres. Nos traballos de organización: clasificación e ordenación temos menos campo de actuación para acadar estes obxectivos, aínda que a realidade sempre nos sorprende.

Valoración

A valoración segundo a edición electrónica do Dicionario de Terminología Archivística publicado pola Subdirección General de los Archivos Estatales¹⁹ é a fase do tratamento arquivístico que consiste en analizar e determinar os valores primarios e secundarios das series documentais, fixando os prazos de transferencia, acceso, e conservación ou eliminación total o parcial. Os valores primarios dos documentos serían, segundo o mesmo dicionario, aqueles que van unidos á finalidade inmediata para a que o documento foi creado pola institución, de carácter fiscal, xudicial, xurídico-administrativo, etc. E os valores secundarios serían aqueles que obedecen a outras motivacións que non son a propia finalidade do documento, tales como o valor histórico e informativo.

Como sinalan as definicións, a valoración está relacionada coas transferencias porque será nesta fase do tratamento na que establezamos os prazos nos que os documentos pasan dun arquivo a outro; tamén está vinculada ao servizo, é agora cando se determina quen e cando se ten acceso a eses documentos; e finalmente a valoración decide sobre que documentos deben conservarse e sobre cales deben eliminarse.

Fronte este concepto clásico intenta abrirse paso unha nova concepción da valoración, a da arquivística postmoderna que non fala xa de valoración senón de macrovaloración.

A macrovaloración supón a realización dunha análise das funcións das administracións e das interrelacións entre as propias administracións e a cidadanía, para chegar a coñecer os valores sociais, valores que, por suposto, variarán dependendo do momento no que se apliquen, do lugar onde se realicen o da cultura do país. Isto comporta, así mesmo, un posicionamento activo das e dos profesionais para chegar a determinar que documentos se conservan e cales se eliminan. Os documentos que permanezan serán os que constitúan a memoria arquivística e documentarán as funcións que exerceron as administracións, tendo sempre presente eses valores cívicos que permitan conformar unha memoria social conscientemente construída, da que xa falamos.

Apliquemos unha o outra concepción da valoración o que é indiscutible e que os e as profesionais participamos de forma determinante na configuración do patrimonio

¹⁹ recurso electrónico, ligazón: <http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/archivos/mc/dta/diccionario.html>

documental, e tamén é indiscutible que, ata este momento, nos traballos de valoración realizados no noso país non tivemos en conta como criterio de avaliación a maior ou menor presenza das mulleres nos documentos.

Se continuamos a valorar seguindo os formatos máis clásicos, deberíamos analizar se a serie documental recolle información sobre as mulleres, así sería un criterio que axudaría a dar visibilidade e a lograr un equilibrio na información dispoñible .

Se polo contrario optamos pola macrovaloración, a propia concepción do modelo levaríanos á conservación de documentos que reflectan funcións e interrelacións das mulleres, e deste xeito a configurar un patrimonio documental representativo dunha realidade diversa.

En calquera caso o que non podemos é seguir a traballar con modelos que perpetúan a conservación dos documentos dos sistemas do poder que tradicionalmente esquecen a presenza feminina. A aplicación da perspectiva de xénero á valoración será fundamental na custodia dun acervo documental máis representativo e máis xusto.

Organización e descrición

Os traballos de organización son os que proporcionan unha estrutura ao fondo documental, estamos a falar da clasificación, e tamén os que proporcionan unha orde aos expedientes dunha serie documental, é a ordenación. Non é obxecto deste relatorio afondar sobre estes conceptos, que xa fixeron con moito rigor autores como Javier Barbadillo Alonso no seu artigo: “Apuntes de clasificación archivística”²⁰ ou publicacións como Tábula: “Innovar o morir. En torno a la clasificación” de 2010, sobre todo nuns momentos no que a arquivística está a discutir novos enfoques para abordar o tratamento arquivístico, no que adoptan modelos nos que *a serie documental non se clasifica senón que se relaciona* (Peter Scott).

En calquera caso nesta fase do tratamento é quizais onde teñamos menos marxe de manobra para desenvolver actuacións que permitan proxectar luz sobre o noso obxectivo. A clasificación, empreguemos modelos funcionais, orgánicos ou orgánico funcionais, aínda que é unha primeira presentación dos documentos dun fondo, seguramente non nos ofertará información sobre que documentos documentan a vida das mulleres, precisamos outro tipo de información máis pormenorizada.

A ordenación dos expedientes ou das descricións dos expedientes tampouco será fundamental á hora da localización da información que nos interesa. Ben pero a realidade ás veces sorpréndenos. Por exemplo: no Arquivo Histórico Provincial de Lugo consérvanse os expedientes do persoal docente de educación primaria, pois esta serie, como na maioría dos casos cando falamos de expedientes persoais, recibíuse ordenada

²⁰ BARBADILLO ALONSO, Javier. “Apuntes de clasificación archivística”P. 27-50. En Legajos. Cuadernos de investigación archivística y gestión documental. Nº 10. 2007. Publicación do Arquivo Municipal de Priego de Córdoba.

alfabeticamente polos nomes das persoas, xa que este sistema de ordenación permitía nas oficinas a localización directa do expediente sen empregar un instrumento de descrición. Ata aquí nada que non sexa habitual, a peculiaridade é que arquivaban de xeito separado as mestras e os mestres. É dicir ordenaron alfabeticamente os expedientes de todas as mestras, e separadamente os expedientes de todos os mestres. Supoñemos que esta separación ten a súa explicación na escolarización separada de nenos e nenas e en escolas diferenciadas, tamén na separación dos seus docentes para o exercicio do traballo. Neste caso é o sistema de ordenación permitirannos localizar a información sobre as mestras en Lugo.

Pero se a organización é unha fase fundamental da custodia intelectual, a descrición é o núcleo duro, a base sobre a que se asenta, o eixe sobre o que xira o acceso aos documentos. Conforma a imaxe do traballo arquivístico.

Segundo a edición electrónica do Dicionario de Terminoloxía Archivística, xa mencionado²¹ a descrición é a fase do tratamento arquivístico destinada á elaboración dos instrumentos de consulta para facilitar o coñecemento e consulta dos fondos documentais e coleccións dos arquivos.

Porén esta definición está sendo superada, atopámonos nun momento de grande axitación, onde a descrición arquivística vai máis alá da elaboración dos instrumentos de descrición. Avanzamos cara a un modelo que no noso país iniciouno a Comisión de Normas Españolas de Descrición Archivística, CNEDA²²: o modelo conceptual, que define a descrición como a elaboración de representacións de documentos de arquivo e no seu caso, doutras entidades arquivísticas (axentes, funcións, etc.). Este novo patrón mantén que a descrición ocupase non só de rexistrar a información dos documentos de arquivo senón tamén de axentes que interveñen nos documentos, de funcións que reflicten eses documentos, e de centros de arquivo que custodian os documentos.

Seguindo esta liña de traballo, tamén o Consello Internacional de Arquivos (CIA) encomendou en 2012 a un grupo de expertos en descrición arquivística (EGAD) o desenvolvemento dun modelo conceptual. O debate está en plena efervescencia, xa que estamos en fase de deliberación sobre a primeira parte do documento Record in Contexts (RIC-CM). Esta nova proposta pretende integrar as catro normas internacionais de descrición existentes até agora que afectan á descrición de:

²¹ <http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/archivos/mc/dta/diccionario.html>

²² *“La CNEDA se organiza como un grupo de trabajo compuesto por expertos de reconocida competencia y profesional y experiencia en el ámbito de la descripción archivística, con el objetivo principal de asumir el desarrollo y actualización del conjunto de normas profesionales que conformarán las Normas Españolas de Descripción Archivística”*

<http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/archivos/mc/cneda/organizacion.html>

- documentos (ISAD(G). Norma Internacional de descripción Archivística)
- axentes (ISAAR (CPF) Norma Internacional sobre os Rexistros de Autoridade de Arquivos relativos a Institucións, Persoas e Familias)
- funcións (ISDF Norma internacional para a descripción de funcións)
- centros de arquivos (ISDIAH Norma internacional para describir institucións que custodian fondos de arquivo)

Estase tamén traballando sobre a segunda parte do documento: Records in Context Ontology (RIC-O) xa relacionada coas descrições en forma de datos abertos enlazados (Linked Open Data, LOD).

Pero partamos do que dispoñemos na actualidade, o documento da CNEDA e as normas internacionais de descripción do CIA.

A NEDA, neste momento xa dispoñemos das partes 1 e 2 do Modelo Conceptual de Descripción Archivística (aprobadas en 2012). A Parte 1 define as entidades e a Parte 2 define as relacións.

A Parte 3 define os atributos de entidades e relacións. Esta parte 3 aínda é un borrador e está pendente de análise das achegas da exposición pública.

Na parte 1, onde se definen as entidades, revisamos o tipo de entidade axente que son: os actores responsables ou involucrados na creación, produción, xestión documental, etc. dos documentos de arquivo. Para este tipo de entidade, no Modelo Conceptual de Descripción Archivística identificáronse tres subtipos: Institución, familia e persoa.

Para o noso traballo observamos que na información recollida sobre as persoas, non se fai mención nin se identifica en ningún caso o sexo.

Na parte 2, nas relacións só poderíamos coñecer se os axentes persoas son homes ou mulleres cando se determinan as relacións entre axentes, concretamente cando analizan os tipos de relacións familiares: nai, pai, fillo, filla, irmá, etc.

Na parte 3, dedicada aos atributos de entidades e relacións, non atopamos ningún que poda identificar o sexo do axente persoa.

Como conclusión podemos afirmar que ata este momento o modelo conceptual de descripción non incorpora como información o sexo das persoas responsables ou involucradas na creación, produción, xestión documental, etc. de documentos de arquivo.

En relación coas normas do CIA, a ISAAR (CPF) Norma Internacional sobre os Rexistros de Autoridade de Arquivos relativos a Institucións, Persoas e Familias, non fai ningunha mención a posibilidade de indicar o sexo das persoas cando se describen este tipo de entidades.

Sobre RIC-CM os axentes son un dos 14 tipos de entidades pero a fase de análise dos comentarios enviados despois da exposición pública que se fixo, está pendente de actualización.

Neste apartado tamén deberíamos falar do esquema de metadatos para a xestión do documento electrónico(e-EMGDE). Segundo o Real Decreto 4/2010, é o instrumento que define a incorporación e xestión dos metadatos de contido, contexto e estrutura dos documentos electrónicos durante o seu ciclo de vida. Neste esquema tampouco atopamos ningunha referencia ao sexo das persoas na entidade axente.

Poderíamos seguir analizando ferramentas relacionadas coa descrición arquivística pero estas son suficientemente representativas no nivel nacional e internacional e os resultados non son moi alentadores. A isto temos que engadir que se as aplicacións informáticas empregan como base estes modelos de descrición tampouco van a empregar a variable do sexo para proporcionar información sobre as mulleres.

As relacións: o servizo

Ata agora vimos como os arquivos recollen e custodian documentos que son testemuñas de dereitos e obrigas da propia administración e das persoas coas que se relacionan, pero os fondos documentais tamén configuran a nosa memoria e proporcionan información que documenta o pasado. O servizo pois é a función que exercen os arquivos para facilitar o acceso aos documentos, sexa para acreditar dereitos e obrigas, sexa para indagar na historia ou na identidade dun país; é o fin derradeiro da recollida e da custodia, é a función que relaciona estas institucións coa cidadanía.

O servizo, ou mellor, a calidade do servizo dun arquivo virá determinada por como realizamos as outras funcións, a recollida, a valoración, a organización e a descrición. Poder localizar e facilitar un documento á administración ou a unha persoa dependerá dun proceso arquivístico complexo como vimos ata agora.

Eses procesos de traballo xa os analizamos e vimos que non dispoñen de ferramentas nin de metodoloxía que permitan localizar e facilitar documentos das mulleres con rapidez e eficacia. Os datos, a información das mulleres está aí pero, como podemos atopala se nos nosos sistemas de información non dispoñemos de algo tan básico como a posibilidade de desagregar os datos por sexo?.

Pódenos servir como exemplo PARES, o Portal de Arquivos Españois. PARES é un proxecto do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte destinado á difusión en

Internet do Patrimonio Histórico Documental Español conservado na súa rede de centros. En PARES podemos localizar documentos ou información sobre documentos custodiados nos arquivos estatais. Conta cun sistema de busca e localización que empreguei para localizar documentos e datos sobre nosoutras, utilicei a última versión, a 2.0 (beta) aínda que está en fase de proba, segundo indican²³. Comezamos por realizar unha busca xenérica e introducimos a palabra muller no campo “*con alguna de las palabras*” pero nos indican que: *se ha encontrado un número muy elevado de resultados*, polo que afinei a busca. Agora introducín a palabra home e si que optemos resultados, 2.819. Resulta estraño que a palabra muller obteña máis resultados que a palabra home cando sabemos que nos arquivos públicos, e sobre todo nos que son históricos, custodiase moita máis información sobre homes que sobre mulleres. Pero sigamos intentando localizar información. Se introducimos a palabra mulleres os resultados ascenden a 4.297 e se introducimos homes son 4.992 (resultados do día 26 de abril de 2017), parecen resultados similares, pero isto choca coa realidade que comentamos anteriormente, nos arquivos históricos a maioría dos documentos se refiren a varóns.

Seguín a pescuda e agora filtrei a información empregando o campo “*índices de descripción*”, e introducín o termo muller como materia e aparecen palabras como:

Mujeres solteras, Mujeres casadas, Derechos de la mujer, Políticos, Delincuentes (mujeres), Feminismo, Indias (mujeres), Masonería, Mujeres, Mujeres esclavas e algunha máis.

A continuación escribín o termo home como materia e aparecen: *Gentilhombres de boca, Declaración de los Derechos del Hombre y del Ciudadano, 1789; Gentilhombres; Gentilhombres de Cámara; Casados; Gentilhombres de la Casa; Jueces; Gentilhombres de Lanza e Políticos.*

Neste caso a palabra homes non é unha materia, porén mulleres si. Supoñemos que isto se debe a concepción do masculino como xenérico e o feminino como algo específico que precisa sinalarse. Tamén observamos que cando falamos de casados non precisan engadir a a palabra homes, pero parece necesario á palabra casadas engadir mulleres. Os solteiros non aparecen pero si as mulleres solteiras, aínda que isto podería explicarse porque o estatus xurídico dos homes non variaba estivese solteiro ou casado. E poucas máis palabras referidas aos homes nas materias: non aparecen homes escravos, nin delincuentes (homes), eles son o habitual, o normal, a norma e a medida.

Parece pois que PARES non dispón de información desagregada por sexos, aínda que se pode localizar información sobre as mulleres, se a palabra aparece na descripción ou

²³ <http://www.mecd.gob.es/dms/mecd/cultura-mecd/areas-cultura/archivos/PARES20-beta/PARES20-beta.pdf>

como materia, pero non existe un tratamento da información con perspectiva de xénero. A información relativa aos homes descríbese de xeito diferente, tratase como información xeral e a das mulleres como a dun colectivo específico, non reflicte a nosa participación no mundo.

No servizo dos arquivos tamén se inclúen as tarefas de divulgación cultural, tarefas que consisten e acercar o patrimonio documental ao público en xeral: exposicións, conferencias, visitas etc, conforman estes labores.

Tense traballado sobre as mulleres no eido da difusión e serán as exposicións ligadas a efemérides como o día internacional da muller as máis numerosas. En Galicia destacan as organizadas polo Arquivo Histórico Provincial de Lugo Mulleres Século XX. Luces e sombras: fotografías sobre muller e traballo no Arquivo Histórico Provincial de Lugo (Novembro de 2013 a marzo de 2014)²⁴ ou as organizadas polo Arquivo de Galicia sobre mulleres sobranceiras. Ata este momento levan organizadas dúas exposicións: unha en 2016 dedicada a arquiteira Olga Gallego Domínguez²⁵, e outra en 2017 a María Moreira²⁶, deseñadora. Pouco máis, non existe unha liña de traballo que dea continuidade a aplicación da perspectiva de xénero cando proxectamos actividades de divulgación.

Ata aquí analizamos que servizo, que información estamos a ofertar sobre as mulleres nos arquivos, pero a outra cara do servizo é coñecer a cidadanía que se achega a eles. Os centros dispoñen de rexistros de usuarias e usuarios que controlan os documentos que consultan, pero sabemos cantos homes ou cantas mulleres chegan aos arquivos? tampouco. Se non sabemos quen consulta os documentos, quen visita as nosas exposicións como imos planificar os traballos? como sabemos a onde van dirixidos os nosos esforzos?

Outros ámbitos: Política de Xestión de documentos, Arquivo único e outras normas e modelos

A política de xestión de documentos e o arquivo único merecen tamén un exame xa que a súa conceptualización e desenvolvemento constitúen un novo desafío para as e os profesionais. Este reto evidencia a necesidade de mudanza, de redefinición da profesión ou incluso de cambio de paradigma.

As administracións atópanse neste momento coa necesidade de deseñar políticas de xestión de documentos e coa obriga de dispoñer dun arquivo único electrónico: aí

²⁴ http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-historico-provincial-de-lugo/content/actividades/exposiciones/expo_0008.html

²⁵ <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivos-de-galicia/content/virtual/expo/201603sa/virtual/index.html>

²⁶ http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-de-galicia/content/actividades/actualidad/actual_0130.html

están as políticas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, ou as das comunidades autónomas como Aragón, Cataluña ou Asturias. Pero estas políticas de xestión garanten a presenza e a visibilidade das mulleres? cando falan de actores, de trazabilidade dos documentos, de usuarios é imprescindible a dispoñer de datos sobre nosoutras.

Respecto ao arquivo único en Galicia xa a lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia refírese a el, o define no artigo 4 e no 43 fixa as súas funcións.

En 2015 a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas regula por primeira vez os arquivos dentro dunha lei procedemento administrativo, iso si, regula só o arquivo electrónico.

En Galicia o desenvolvemento do arquivo único comeza antes da promulgación das dúas leis citadas e concretase no proxecto ARPAD. Este proxecto é unha iniciativa de cooperación interadministrativa que permitirá reducir o uso do papel na actividade das administracións públicas traballando en dúas vías: a xestión documental electrónica coa creación do Arquivo Dixital de Galicia e o desenvolvemento de servizos dixitais administrativos e de interoperabilidade que se vertebra sobre 4 eixos:

EIXO 1. Deseño e construción do Arquivo Dixital Integrado de Galicia:

EIXO 2. Servizos de interoperabilidade transfronteiriza: Desenvolvemento dunha rede de rexistros interconectados e impulsando a modo de experiencia piloto o rexistro administrativo da Eurocidade Tui - Valença..

EIXO 3. Servizos dixitais de supresión de papel.

EIXO 4. Conservación e promoción do patrimonio documental: Extensión do arquivo dixital cara á conservación do patrimonio histórico, e accións de difusión do patrimonio documental da Eurorrexión.

O Arquivo Dixital integrado e o Arquivo Electrónico Patrimonial, que forma parte do primeiro, deberán por a disposición información sobre as mulleres aínda que nos documentos que definen este proxecto non recollen este obxectivo.

A implantación do arquivo dixital e a adopción de políticas de xestión de documentos poden ou deberían ser o detonante dun cambio na nosa profesión que afectará á concepción futura dos arquivos públicos, xa que estes pasarán de ter unha posición pasiva de mero receptor e custodio a desempeñar un rol activo: terán que deseñar procesos, controlar uns documentos que poden formar parte de varios expedientes, facilitar información, intervir nos procesos de transparencia activa e pasiva, etc. Isto supón case unha revolución na configuración do traballo e nesa nova configuración debe estar presente a visión de xénero.

Quedarían máis normas e modelos por analizar como todas as normas ISO relacionadas coa xestión de documentos, ou o Modelo de requisitos para a xestión de documentos electrónicos de arquivo (Moreq) pero a exposición realizada ata agora ten sido suficientemente esclarecedora e entendo que no son necesarios máis exames para comezar a busca dun plan de actuación que mude as realidades expostas.

2.- Buscamos un plan

Partimos dun bo inicio, sabemos que é preciso cambiar. Todos os cambios supoñen un esforzo, e este tamén: necesitamos reflexión, deseñar ferramentas, proxectar resultados.... un esforzo engadido a outros que xa asumimos (menos recursos económicos, menos persoal, máis traballo), pero necesario: non responsabilizarse implica ser cómplice.

Levamos moito tempo facendo proselitismo da transversalidade dos arquivos nas administracións públicas (ou temos xa que evolucionar á interseccionalidade?), agora correspóndenos construír o discurso que incorpore a perspectiva de xénero ao noso traballo e buscar colaboración.

No deseño dese discurso deberíamos partir das seguintes premisas, como mínimo:

- do recoñecemento da desigualdade.
- do análise das competencias técnicas dende a perspectiva de xénero.
- da análise dos recursos dispoñibles.
- da necesidade dun proceso pedagóxico.
- da descrición dos resultados que esperamos.
- da necesidade de espazos para a reflexión e debate.

E precisaríamos tamén dun liderado, no caso dos arquivos públicos, dun liderado político. A responsabilidade de abordar estes proxectos corresponderíalles ás distintas administracións públicas, pero antes de encarar proxectos deste tipo deben contar co apoio de profesionais, ou máis que apoio precisarían tamén dun liderado técnico, que sen dúbida corresponde ás arquiteiras. Ese liderado técnico é o que ten que implicar á nosa organización para que acepte e asuma como propio o obxectivo de conseguir a representación equitativa de homes e mulleres na información que ofertamos.

Este Plan de actuación debe atender todas as funcións da nosa profesión, facetas que abarcan dende o nacemento dos documentos ata a súa conservación definitiva ou eliminación. As profesionais debemos demandar este plan, directamente na administración na que traballamos, nas asociación de profesionais onde participamos, e nos foros profesionais: cursos, xornadas, congresos, conferencias...

Temos présa, levamos moito retraso e sabemos que *sen igualdade de datos non hai igualdade de xénero. Só se melloramos os datos sobre mulleres poderemos promover realmente a igualdade, aliviar a pobreza e progresar nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible(ODS)*”, afirma a directora executiva de Data2X²⁷, Emily Courey Pryor, ao timón da iniciativa sobre datos de xénero da Fundación ONU²⁸.

Xa iniciamos o debate, precisamos manter a tensión, realizar máis encontros, contactar entre nós, buscar apoio dos responsables políticos, das asociacións profesionais, das institucións.

Un primeiro obxectivo a conseguir neste momento e neste lugar sería que este proceso de cambio sexa incluído no Plan de Arquivos de Galicia, plan que debe elaborar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e que prevé a Lei de arquivos e documentos de Galicia. Incorporar a perspectiva de xénero a este plan suporía colocar a Galicia nunha posición de preeminencia, ser pioneira neste eido.

A organización desta Xornada ten iniciado a transformación, xa comezamos o debate e a reflexión: *Unha experiencia fai a súa aparición cando é verbalizada. E a menos que sexa verbalizada é, por así dicilo inexistente*²⁹. Agora tócanos as arquiteiras responsabilizarnos de impulsar un proxecto que desvele, que quite o velo á información das mulleres contida nos arquivos públicos, moitas grazas.

²⁷ Data2X: ligazón da web: <http://data2x.org/>

²⁸ Artigo de El País, 18 de xaneiro de 2107: Igualdad de datos para la igualdad de género Una corriente global promueve más y mejores datos sobre mujeres para avanzar en los Objetivos de Desarrollo Sostenible (ODS)
Ligazón: http://elpais.com/elpais/2017/01/18/planeta_futuro/1484755796_990437.html

²⁹ Frase de Hannah Arendt, filósofa política alemá, posteriormente nacionalizada estadounidense, de orixe xudía, e unha das máis influentes do século XX.